

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 7 DE OUTUBRO DE 2021, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO

DECRETOS

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

- Decreto polo que se declara loito oficial en Galicia con motivo do falecemento do conselleiro de Facenda e Administración Pública, Valeriano Martínez García.
- Decreto polo que se encarga o despacho da Consellería de Facenda e Administración Pública ao vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Decreto polo que se nomea director do Instituto de Estudos do Territorio a Enrique Luis de Salvador Sánchez.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción "Novo vial ampliación Hospital Gran Montecelo", no concello de Pontevedra.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA DECRETA TRES DÍAS DE LOITO OFICIAL POLO FALECIMENTO DO CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA, VALERIANO MÁRTINEZ GARCÍA

Desde as 00,00 horas do día 7 de outubro ata as 24,00 horas do día 9 en todos os centros e edificios públicos dependentes da Xunta de Galicia ondearán a media hasta as bandeiras oficiais

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se declara loito oficial en Galicia con motivo do falecemento do conselleiro de Facenda e Administración Pública, Valeriano Martínez García.

Para manifestar o seu sentimento e o do pobo galego por causa do falecemento do conselleiro de Facenda e Administración Pública, Valeriano Martínez García, o Goberno galego ten a vontade de facer pública a dor dos seus membros e a de todos os cidadáns.

Polo tanto, declárase loito oficial en Galicia desde as 00,00 horas do día 7 de outubro ata as 24,00 horas do día 9 de outubro de 2021. En todos os centros e edificios públicos dependentes da Xunta de Galicia ondearán a media hasta as bandeiras oficiais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O DECRETO POLO QUE SE ENCARGA O DESPACHO DA CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA AO TITULAR DA VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA

Segundo recolle o texto asinado polo Presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, ata o novo nomeamento do titular da Consellería de Facenda e Administración Pública encárgaselle o despacho desta consellería ao Vicepresidente primeiro, Alfonso Rueda

O Consello da Xunta aprobou o decreto polo que se encarga o despacho da Consellería de Facenda e Administración Pública ao vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, Alfonso Rueda.

Segundo recolle o DOG asinado polo Presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, con motivo do falecemento do conselleiro de Facenda e Administración Pública, resulta preciso encomendar o despacho desta consellería ata o nomeamento do novo titular.

Polo tanto, en uso das atribucións recollidas no artigo 26.7 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, e o artigo 12.1 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, ata o nomeamento do titular da Consellería de Facenda e Administración Pública encárgaselle o despacho desta consellería ao vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O NOMEAMENTO DE ENRIQUE DE SALVADOR COMO DIRECTOR DO INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO

Na actualidade exercía como xefe do Servizo de Industrias e Calidade Agroalimentaria da Consellería do Medio Rural na Coruña

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se nomea a Enrique Luis de Salvador Sánchez (Lugo, 1962) como director do Instituto de Estudos do Territorio, cargo no que substitúe a Francisco Barea Paz.

Enrique de Salvador é enxeñeiro técnico agrícola e enxeñeiro superior de montes, en ambos os casos pola Universidade de Santiago de Compostela, así como especialista en avaliación de impactos ambientais, en auditoría ambiental e en tratamento de espazos degradados pola Universidade Politécnica de Madrid.

Na súa ampla traxectoria na Administración autonómica, onde ingresou como funcionario en 1989, foi xefe do Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental na Coruña, xefe territorial da Consellería do Medio Rural e xefe de gabinete da Consellería do Medio Rural. Ademais, foi concelleiro de Medio Ambiente e Sanidade do Concello da Coruña en dúas etapas.

Na actualidade exercía, desde setembro de 2018, como xefe do Servizo de Industrias e Calidade Agroalimentaria da Consellería do Medio Rural na Coruña.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA AS EXPROPIACIÓNS PARA A EXECUCIÓN DA NOVA VÍA DE SERVIZO AO HOSPITAL PÚBLICO GRAN MONTECELO, EN PONTEVEDRA

- O decreto aprobado hoxe inclúe os 85 predios necesarios para executar a vía, cun investimento de máis de 1,7 M€, incluídas as expropiacións
- O Goberno galego prevé realizar neste outono a convocatoria para o levantamento de actas de previas e de ocupación
- O Concello financiará as obras, cun orzamento de case 1,4 M€, e a Xunta asumirá o custo das expropiacións, cun importe de 386.000 €
- A nova vía, de 830 metros, terá inicio e final na avenida de Montecelo que dá acceso ao hospital e contará con catro glorietas, unha ao comezo, outra ao final e dúas intermedias
- Trátase dunha vía de calzada única con dous carrís, un por sentido, e beirarrúas a ambos os dous lados
- A execución da vía enmárcase nas obras do Hospital Público Gran Montecelo que está a acometer a Xunta e cuxa 1ª fase conta cunha achega autonómica de 134 M€

O Consello da Xunta autorizou hoxe as expropiacións para a execución da nova vía que dará servizo ao Hospital Público Gran Montecelo, en Pontevedra.

O Decreto aprobado hoxe declara a urxencia para a ocupación dos 85 predios necesarios para a construción desta vía, que suporá un investimento de máis de 1,7 millóns de euros, incluídas as expropiacións.

A execución da vía enmárcase no convenio entre a Consellería de Sanidade e o Concello de Pontevedra para a ampliación do complexo hospitalario, que establece que a Administración local financiará as obras, cun orzamento de case 1,4 millóns de euros e a Xunta asumirá o custo das expropiacións, cun importe de preto de 386.000 euros.

O Goberno galego prevé realizar neste outono a convocatoria para o levantamento de actas previas e de ocupación.

Pola súa banda, o Concello de Pontevedra asumirá a licitación e a execución das obras.

Neste sentido, a Xunta aprobou o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal e o Concello comprometeuse a asumir os gastos para dotar a parcela dos accesos rodados e peonís, de abastecemento de auga, saneamento ou subministración eléctrica.

Características técnicas

O obxectivo da nova vía, de 830 metros de lonxitude, é dar servizo e circunvalar o hospital Gran Montecelo.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE
Gabinete de Comunicación

San Caetano s/n 15704
Santiago de Compostela
981 54 43 91/ 5
prensa.cim@xunta.gal
infraestruturasemobilidade.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A vía terá inicio e final na actual avenida de Montecelo que dá acceso ao hospital e contará con catro glorietas, unha ao comezo, outra ao final e dúas intermedias.

A estrada proxéctase como unha vía de calzada única con dous carrís, un por sentido, de 3,30 metros de anchura cada un, e beirarrúas a ambos os dous lados.

O proxecto prevé a limitación da velocidade do percorrido a 30 km/ hora, con pasos de peóns elevados.

Hospital Público Gran Montecelo

A execución desta nova vía enmárcase nas obras do Hospital Público Gran Montecelo que está a acometer a Xunta, cuxa primeira fase conta cunha achega autonómica de 134 millóns de euros.

As obras nas que está a avanzar a Xunta consisten na construción dun novo edificio hospitalario cunha superficie de preto de 92.000 metros cadrados distribuídos en 10 andares.

O novo edificio, que ocupará unha superficie superior aos 12.500 metros cadrados, estará composto por un primeiro volume distribuído en dúas edificacións, que actuará como base dun segundo que albergará as áreas de hospitalización.

O proxecto recolle a construción dunha zona de basamento distribuída en dous edificios de cinco andares.

Así, proxéctase un edificio dianteiro, no que se situarán as consultas externas que engloban os servizos de hematoloxía, medicina preventiva, cardioloxía ou dixestivo; e outro traseiro onde se localizarán as urxencias, o bloque cirúrxico, a UCI pediátrica ou os laboratorios. Sobre esa zona de basamento elevarase un terceiro bloque que se corresponde co edificio de hospitalización.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal